



Actividade de xeometría parecida ao tangram, na que o usuario debe formar unha figura a partir dunha serie de pezas que se dan:

Na pestana "*Actividade*" atopamos dúas zonas: a esquerda para seleccionar parámetros e unha reixa na parte dereita para construír a figura que queiramos proñoer. Na parte superior esquerda temos:



1.



Método de solución: seleccionando o botón "*Figuras libres*" o usuario usará as pezas dispoñibles para formar as figuras que lle apetezan; neste caso a actividade non contará co botón de verificación para validar a resposta. Seleccionando o botón "*Realizar un modelo*" o usuario terá que encaixar as pezas para formar a figura proposta e validar a súa resposta co botón de verificación.


2. - Fondo: Cos botóns da esquerda indicaremos se a reixa que se presenta ao usuario estará formada por liñas continuas formando cadrados ou só por puntos. O botón permite escoller a cor das devanditas liñas/puntos e á súa vez tamén o das liñas que forman os cadrados das pezas móbiles. No campo inferior podemos aumentar o grosor das devanditas liñas/puntos ou mesmo o deixar en cero para facer que a reixa desapareza por completo da actividade.

3. - Na parte dereita do recadro "*Fondo*" indicárase o número de cadrados que conterà a reixa (ancho X alto) que poderá ser cadrada ou rectangular, así como a lonxitude do lado dos cadrados que se usarán para formala.

4. - Neste recadro temos os elementos para controlar as características do modelo que se presentará ao usuario para que forme a figura. Marcando a casa "*Miniatura*" presentarase o modelo a reproducir na parte superior dereita da área de traballo. Co botón da esquerda poderemos escoller a cor de fondo do devandito modelo e se marcamos a casa "*Con liñas no modelo*" este mostrará a solución e o botón da dereita activarase para que poidamos elixir a cor das liñas que mostrará a situación de cada unha das pezas dentro do modelo para facer que destaquen o suficiente segundo a cor que indicaremos para o fondo do modelo.

5. - Faremos dobre clic nesta reixa para presentar unha ventá emerxente que nos permitirá colocar as pezas para formar a figura que queiramos proñoer:

Facendo clic nunha das pezas da zona da dereita (11) situarase na parte superior esquerda da reixa e ao seleccionala aparecerán unha serie de botóns (10) para poder modificar a súa posición; de arriba a abaixo: xirala cara á dereita en intervalos de 90°, reflectila




horizontalmente, reflectila verticalmente ou eliminala da área da reixa respectivamente. Unha vez rematemos de construír a figura desexada aceptamos co botón (12) para volver á pantalla principal de edición.

6. - Marcando a casa "*Mostrar solución*" faremos que a figura a reproducir quede sombreada no interior da reixa que se presentará ao usuario coa cor que elixiramos usando o botón da esquerda e o grao de transparencia que indiquemos no campo que ten ao lado. Se ademais marcamos a casa "*Con guías solución*", as distintas pezas aparecerán marcadas dentro da figura sombreada e o botón da dereita activarase para poder escoller a cor das liñas que debuxarán as devanditas pezas.

**ÁREA DE PEZAS:**

7.



**2** Haga doble clic en rejilla (situar piezas)

Marcando esta casa na parte superior esquerda, faremos que todas as pezas que formen parte da actividade sexan da mesma cor; cor que poderemos elixir usando o botón que está á súa dereita.

**8.** - Con estes botóns indicaremos a posición das pezas móbiles no momento de iniciarse a actividade: na parte inferior da reixa ou á súa dereita.

**9.** - Na zona onde aparecen as 12 pezas dispoñibles, usaremos os campos ao lado de cada unha delas para indicar o número de pezas de cada clase de que queiramos que dispoña o usuario. Ademais, se deixamos desmarcada a casa da parte superior esquerda (7), os botóns ao lado de cada un dos campos estarán dispoñibles para facer que cada unha das pezas teña unha cor distinta ao das demais.